

# **COOPERATIVA GALOTENDIÑA " COUSAS A MAN"**

1º.- Constituímonos como una empresa con forma xurídica de **COOPERATIVA.**

2º.- A nosa cooperativa está formada por 50 asociados, todo o alumnado de 6º nivel de Educación Primaria.

3º.- O noso capital inicial é de \_\_\_ euros, aportados a partes iguais polo total dos asociados.

4º.- A nosa empresa encóntrase ubicada no Colexio Público Praza de Barcelos , nº 26, Pontevedra. No 4º piso , nas aulas de 6º.

5º.- O nome da cooperativa é GALOTENDIÑA "Cousas a man".

6º. - O equipo directivo está formado por os seguintes componentes:

**PRESIDENTES:** Pablo Dacuña e Pedro Veiga

**SECRETARIAS :** Aixa Lastra e Antía Varelle.

**TESOREIROS:** Raúl Lavía e Miriam Varele.

Son tarefas de dito equipo, as seguintes:

**PRESIDENTES:** Representar a Cooperativa GALOTENDIÑA "COUSAS A MAN",aprobar a adquisición das materias primas, ponerse en contacto con outras institucións e organismos para recabar información, colaboración , ofertas....

Entablar relación con Institucións , públicas ou privadas para a obtención de créditos, documentos , certificados e outros trámites administrativos.

Encargaranse de repartir o traballo , adaptandoo ás capacidades dos asociados e asociadas de acordo coa súa habilidade.

Organizar o traballo.

Controlar os produtos.

Plantexar aos asociados todas aquelas dúbidas ou problemas que xurdan ao longo do tempo na cooperativa e que necesiten dunha

resolución conxunta ,en asamblea e incluso votacións previas as tomas de decisión.

**TESOREIROS:** Encargaranse da contabilidade , de dar o visto bo dos gastos , de calcular os costes e as ganancias do produto.

**SECRETARIOS:** Encargaranse de levantar acta das distintas sesión, recollendo nela todas as decisión tomadas .Tamén se encargarán de convocar as sesións asamblearias que os presidentes consideren necesarias. Serán encargados de archivar e controlar a correspondencia.

7º.- A actividade empresarial terá como finalidade a elaboración e posterior venta de produtos artesanais variados.

8º.- Os beneficios da empresa ditribuiránse da seguinte forma:

- Devolución aos asociados do capital invertido.
- Entrega do 20% a una entidade benéfica.
- O 80 % restante acordarase en asamblea en qué emplealo, sempre que sexa unha actividade conxunta.

9º.-Deberes dos asociados:

Todos os asociados colaborarán na realización dos produtos artesanais e na aportación do material para a súa confección.

Os produtos a elaborar elexiranse por votación .

Os grupos podrán utilizar os servicios do Centro ( ordenadores, fotocopiadoras, impresoras e todo aquel material que o Centro poida aportar).

10º.- Dereitos dos asociados:

- a) Todos os asociados teñen dereito a ser escoitados na toma de decisión sobre a empresa e a votar libremente nas mesmas.
- b) Todos os socios teñen dereito a recibir os beneficios obtidos polas vendas dos seus produtos, nas condicións fixadas.
- c) O socio que non teña unha actitude positiva no proxecto asinado, sancionaráselle cun negativo. A acumulación de tres negativos conleva a pérdida do dereito a seguir sendo membro da cooperativa, así como ao capital invertido e aos beneficios. Ao pasar 15 días da sanción aceptarase de novo ao asociado , pasando por un período de proba de 15 días. Pasado ese tempo e despois de observar a súa actitude , a asamblea de asociados

decidirá si se integra de novo na cooperativa, con todos os dereitos , ou si se da de baixa permanente , non tendo dereito a recibir o capital invertido nin a parte proporcional dos beneficios obtidos. Se un asociado xa readmitido volve a acumular 3 faltas negativas, será expulsado permanentemente da cooperativa perdendo todo o dereito sobre a mesma.

Se un asociado daise de baixa por traslado de centro ou outros motivos, perderá o dereito ao capital invertido e aos beneficios obtidos.

11º.- A sociedade constitúese polo período dun ano escolar, podendo , si así o deciden a maioría dos asociados, prolongarse e si o profesorado implicado esté disposto a continuar coa actividade.

12º.- Este estatuto pode ser modificado , previa reunión e aprobación pola assemblea de socios.

Pontevedra a 12 de xaneiro de 2017-01-17


Presidentes:



Pedro  
Asdo: Pablo Dacuña

Pedro Veiga

Secretarios:



Asdo: Aixa Lastra

Antía Varele

Tesoreiros:

Asdo: Raúl Lavía

Miriam Varele